



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Expediente	3093/2022
Código SIA	1428772
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procesos selectivos para a cobertura dunha praza de Capataz xardín, recollida na oferta de emprego público extraordinaria 2022.
Unidade Xestora	320 Recursos Humanos e Promoción Económica
Documento	Resolución da Alcaldía
Trámite	Resolución de listaxe definitivo de admitidos/as, excluídos/as e nomeamento de Tribunal dunha praza de Capataz xardín.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

I. Antecedentes.

1. Mediante resolución da alcaldía núm: 2022-1870 de data 21/12/2022 apróbanse as bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal funcionario e laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal, do Concello de Bueu para todos os postos incluídos na OEP extraordinaria 2022 . (CSV: 9D3SZKE4FQ4FAHZN6WMGPLLPL).
2. As bases e convocatoria dos procesos selectivos de referencia foron publicados no BOPPO núm.245 de data 26 de decembro de 2022 de acordo co disposto no artigo 45.1b) da LPAC.
3. Resolución da Alcaldía núm. 2022-1902 de data 27.12.2022 de corrección de erros detectados na Resolución num. 2022-1870 de aprobación de bases e convocatoria do proceso de estabilización de emprego. (CSV:7T9NEDZTJDXGKZDKWTD6D7Z4L), publicado no BOPPO núm 249 de data 30.12.2022.
4. Resolución da alcaldía núm. 2023-0050 de data 16.01.2023 de corrección de erros detectado na Resolución de Alcaldía núm 2022-1902 de data 27/12/2022 de aprobación de bases e convocatoria do proceso de estabilización de emprego. (CSV: 5QWRNLEQZCTCXM7Y4FEC47MCX), publicado no BOPPO núm. 13 de data 19.01.2023.
5. Publicación no Boletín Oficial do Estado núm. 55 de data 06.03.2023 do anuncio da convocatoria para a cobertura de varias prazas no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu concedéndose un prazo de 20 días naturais para a presentación de solicitudes dende o día seguinte á publicación do referido anuncio no BOE.
6. Resolución da alcaldía núm. 2023-0879 de data 02.05.2023 de listaxes provisionais de admitidos e excluídos para a praza de Capataz xardín. (CSV:3P79H4GHGNE9CKQW73A7QRGJ7).

II. Normativa aplicable e consideracións xurídicas.

1. Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
2. Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.
4. Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
5. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

6. Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario ao servizo do concello de Bueu (BOP núm. 179 de 17.09.2014).
7. Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Bueu (BOP núm. 179 de 17.09.2014).
8. Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxente para a redución da temporalidade no emprego público.
9. Bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria de selección de persoal funcionario e laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu, para todos os postos incluídos na OEP extraordinaria 2022.

Téndose rematado o prazo de emenda de documentación, esta alcaldía, en aplicación do disposto na base 5ª das Bases reguladoras do presente proceso selectivo, e de acordo coas facultades sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto da normativa concordante,

RESOLVE:

1º. Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as nos procesos selectivos convocados para a cobertura dunha praza de Capataz xardín incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria 2022 do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Bueu, polo procedemento da disposición adicional 6ª da Lei 20/2021. En consecuencia, declarar admitidos/as definitivamente as persoas aspirantes que figuran no Anexo I que se xunta coa presente resolución, a excepción dos que expresamente se exclúen definitivamente, e figuran recollidos no Anexo II.

2º. O Tribunal cualificador, como órgano de selección, constituirase e procederá á valoración de méritos o vindeiro 06.06.2023 as 09:00 horas, no Salón de Plenos do Concello, sito na rúa Eduardo Vincenti nº8, e quedará integrado, en base ao disposto na base 7ª das bases reguladoras, que resulta do art. 59 da lei 2/2015, polos seguintes membros, titulares e suplentes:

Presidente/a:

Titular: Marcos Vázquez Campaña, Interventor do Concello de Bueu (funcionario con habilitación de carácter nacional).

Suplente: Jaime Marcos H. Carmelo Sixto García, Tesoureiro Accidental do Concello de Bueu (funcionario con habilitación de carácter nacional).

Secretario/a:

Titular: Ángela M. Agulla Cabodevila, Auxiliar Administrativa (Grupo C2) do Concello de Bueu.

Suplente: Belarmino Barreiro Rosales, Técnico Medio de Arquivo e Documentación (Grupo A2) do Concello de Bueu.

Vogais:

1º Titular: Rubén Cid González, Encargado Agrícola do Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Jose Ramón Rodríguez Fernández, Administrativo adscrito ao Plan Revitaliza do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

2º Titular: María del Carmen Martínez Abraldes, Xefa da Sección de Residuos da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Rosa Pérez Otero, Xefa da Unidade de Loita Biolóxica da Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra.

3º Titular: Álvaro Otero Martínez, Oficial Albanel do Concello de Bueu.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Suplente: María Jesús Fazanes Estévez, Auxiliar Administrativo do departamento de Intervención do Concello de Bueu.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3º. Ordenar a publicación desta resolución e das listas que figuran como anexos I e II no taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) (apartado Información xeral-Taboleiro de anuncios / Sección Emprego Público) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello.

4º. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, ao amparo do artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 46 de Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Documento asinado electronicamente á marxe

Anexo I.- Listaxe de aspirantes admitidos definitivamente.

Nº	Aspirantes	DNI
001	BARREIRO BARROS, FRANCISCO	***9138**
002	BARROS FERNANDEZ, ANA TERESA	***1115**
003	GONZALEZ DASILVA, DAVID	***4187**
004	PORTELA NOVAS, ALEXANDRE	***1075**

Anexo II.- Listaxe de aspirantes excluídos definitivamente.

Non hai aspirantes excluídos.

